

Piélago de tránsito

Xosé Otero Canto

Piélago de tránsito.
mar da Ilíada e da Eneida
onde moran monstros aberrantes
que revolven as naos coa inxustiza das súas mans,
que arrodean aos nautas cos tentáculos das apertas.
Sixilo nas gadoupas co relento dos séculos.
Silencio de tripulacións absortas.
Mar que come oferendas na consecución propiciatoria,
nas divindades mariñas que abrandan os oráculos dos odios.
Pel de naufraxios nos buzarrs da treboada.
Espello de contendas
tras o estoupido dos canóns nas troneiras da morte.
Estribor acadado pola zuna dos pobos,
polas linguas que olen as diferenzas no descoñecido.
Avalos nesta dondura
encamada de xergóns de auga
ata o horizonte silenciado nas liñas da estrema.
Corazóns abertos á melancolía
na estadía das horas.
Ganduxar de afagos nas ondas que restregan.
Xiróvagas almas dos mortos acaneando as horas
na randeeira sostida polas cordas azuis do alén,
axitada na brisa oscilante das nosas vidas.
Camposanto silenciado polo vento mareiro
que levou os nosos á emigración,
mais as ondas son mortos que piden auxilio
e levantan os brazos de escumas,
e roxen coas súas bocas de rolos
e os seus corpos de auga.

Xosé Otero Canto